



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroen

# REUNIÓN

## DIRECCIÓN-COMITÉ 20/07/10

Con anterioridade a esta reunión celebrouse unha de Comité de Empresa onde se aprobou a convocatoria de Eleccións Sindicais que terán lugar o día 29 de Outubro. Probablemente e para non romper a tradición, como vén sendo habitual para este evento, miraremos as peticións de delegados/as preocupados polos nosos problemas do día a día, incluso as peticións serán atendidas.

### Reunión con Dirección

Producción Setembro.- Mantense a cadencia actual (45 coches). A quenda de noite mantén un horario de 7 horas. No Sistema I habilitan 3 sábados voluntarios, 4, 11 e 18, e 3 domingos na noite, 5, 12 e 19. No sistema II, os catro sábados do mes.

Produción que no caso do Sistema II se reduciría para finais de ano en 9 días laborais.

Comentario.- Salta á vista a gran contradición no reparto da produción deste sistema, por iso a C.I.G. mostrouse contraria a que con dous meses de diferenza se pase de realizar 4 sábados, para logo suspender a actividade en 9 días, por iso reiteramos que se racionalice o traballo neste período.

Peche e Apertura.- Informan que ante o baleirado das instalacións polas reformas que se van realizar en vacacións, haberá talleres que non terán actividade o día 30 de Xullo (Ferraxe). No caso de Montaxe prevén unha finalización gradual. A C.I.G., xa informara a este respecto que se debe garantir o traballo durante toda a xornada, ou cando menos ser retribuída, respectando así o inicio das vacacións establecidas no calendario laboral.

En canto á apertura, o Sistema I arrancaríase o día 23, e o Sistema II o día 30.

Traballo en vacacións.- Unhas 1.000 persoas entre persoal propio e contratadas levarán a cabo unha serie de reformas nos talleres de Montaxe, Embutición, Pintura e Ferraxe.

A C.I.G. preguntou, se dentro destas reformas, estaban previstas as de climatización tanto en Masillas, como na Nave 01 (Ferraxe) ou tamén o que ocorre no Módulo 11 (deslingado de portas) que ano tras ano, os traballadores/as temos que soportar o Estres Térmico. A Dirección non concreta, o que nos fai pensar que non as consideran como obras prioritarias.

Carta Ética.- Infórmasenos que o Grupo procedeu a unha reforma do actual Código Ético. A C.I.G. que xa denunciaba o incumprimento deste documento, pouco pode mellorar, cando nesta reforma non se tivo en conta a participación dos Representantes dos traballadores/as, cando menos deste Centro. Para a C.I.G. entendemos que tendo como finalidade ser un marco de conduta e comportamento entre as persoas coas súas diferentes culturas, ó proceder de xeito piramidal, revela a falla de interese en compartir ó respecto por este Código.

## Reunión co Director.

O Director da Planta fai unha exposición da situación tanto da Planta coma do propio Grupo. A nivel mundial o Grupo neste primeiro semestre, foi o mellor da historia, en canto produción, particularmente polo crecemento dos mercados Asiáticos e América do Sur. No que atinxe a nosa Planta, despois dun primeiro semestre de recuperación nun 23% a respecto do mesmo período do ano 2009, prevese unha baixada no último trimestre. A produción do ano estará entorno ás 380.000 unidades.

Sobre a nova organización, onde asume a responsabilidade da Planta de Mangualde, comenta que non representará novos cambios no organigrama. O Grupo persegue, unha maior coordinación das producións de ámbalas plantas.

No apartado de varios, pola nosa parte centrámolo en:

Xubilación Parcial.- A C.I.G. razoou, que ante o grao de Eventualidade, non esta xustifico que, cando menos para as persoas de maior idade, non se abra a Xubilación Parcial. Consideramos non só unha demanda xusta para unha xeración que ten na maioría dos casos máis de 40 anos de traballo nas súas costas senón que, ademais, preocúpanos a eminente Reforma das Pensións que o goberno pretende levar a cabo, onde xa se vén sinalando a precarización ó acceso a esta etapa da vida.

Novos Lanzamentos.- A este respecto a C.I.G. pide que na nova planificación dos postos, se dea participación ó Comité de Seguridade, co fin de evitar, unha vez máis os problemas de ergonomía. O Director resposta.. *“que así se está a facer, onde se contemplará a eliminación de postos pesados e unha porcentaxe para persoal limitado.”*

Cargas de Traballo.- Os abusos que historicamente se veñen cometendo en materia de Rendementos e Tempos, foi exposto como a nosa principal preocupación. Repartos virtuais chocan coa crúa realidade, ben sexa pola mala composición... ou os propios recortes, leva a unha situación de fatiga e frustración dos traballadores/as, e máxime cando as súas reclamación non son tidas en conta na Comisión Paritaria.

O Director a este tema manifesta que *“...xa deu instrucións para que as cousas se fagan con tempo e ben, porque non ten sentido reducir unha persoa no Módulo para intentar aforrar custes, se logo eses custes se multiplican facendo vir a velar a outras persoas para poder realizar o traballo. Di tamén que, se el ve unha persoa correr ou coa camiseta mollada manda parar.”*

Para a C.I.G. estas palabras deberan ter un certo atisbo de credibilidade, por ser, como todos sabemos unha persoa cercana ó Taller. Sendo así, ¿como é posible que non vexa a cantidade de traballadores/as correr coche tras coche, e día tras día?. ¿Será que non se atreve a tirar da corda, porque sabe que na maioría dos casos a cadea non parará?.

# Confederación Intersindical Galega